RESUMO
A ANTROPOLOXÍA COMO CAMPO DE ESTUDO

1.- **Obxecto** da antropoloxía: o ser humano

2.- **Ramas** da antropoloxía

2.1.- Antropoloxía física ou biolóxica

- Fundamentalmente estudo da evolución da nosa especie
- Nace no XIX, asociada ao evolucionismo de Darwin
- Estuda osos e restos humanos

2.2.- Antropoloxía cultural

Características e obxecto

- É unha ciencia humana (distintas das ciencias da natureza)
- Estuda as culturas, comeza pola etnografía (descripción dunha cultura)
- Inicialmente estuda sociedades exóticas e tradicionais
- No XIX o colonialismo favorece o interese por outras culturas
- En Galiza e outros países europeos os seus intelectuais estudan tamén as súas orixes a partir do XIX
- Os procesos de modernización fan que hoxe estude tamén sociedades modernas
- Especialízase a partir de mediados do XX: antropoloxía económica, política, do parentesco, da educación…

Método

Traballo de campo utilizando:

- observación participante
- conversas e entrevistas
- Xenealoxías
- historias de vida
- combina as perspectivas Emic-etic

Escolas

- Evolucionismo: todas as culturas evolucionan na mesma liña
- Difusionismo: os trazos culturais parten dun centro e se expanden a outras culturas
- Particularismo histórico: os trazos culturais só poden ser analizados no marco da súa cultura
- Cultura e personalidade: distintas culturas producen distintos tipos de personalidade
- Funcionalismo: todo elemento dunha cultura cumpre unha función

- Estructuralismo francés: a mente humana sempre actúa segundo os mesmos principios

- Neoevolucionismo: distintas culturas teñen distintas formas de evolución

- Materialismo cultural: os elementos materiais das culturas (economía, tecnoloxía, demografía) condicionan aos restantes elementos (familia, poder, relixión, arte…)

- Antropoloxía simbólica: a cultura é un sistema de símbolos que os individuos interiorizamos

- Antropoloxía procesual: os individuos conservamos e cambiamos a nosa cultura

- Teoría do sistema mundial: os pobos son transformados pola expansión do capitalismo

2.3.- Antropoloxía filosófica: Reflexión sobre o ser humano, dende a filosofía grega (-V)

2.4.- Outras disciplinas antropolóxicas

Arqueoloxía: estudo de restos materiais (ferramentas, construccións…)

Antropoloxía lingüística: estudo da linguaxe humana

Antropoloxía aplicada: como a antropoloxía médica ou a antropoloxía para o desenvolvemento.

3.- A antropoloxía e outros campos do saber

3.1.- **A socioloxía**: inicialmente a antropoloxía ocupouse desociedades tradicionais e a socioloxía de sociedades modernas

3.2.- **A psicoloxía**: a antropoloxía aporta informacións da psicoloxía doutros pobos.